

INTRODUCCIÓN

Sabemos que a relación entre cultura e tecnoloxía é constitutiva. Desde as súas orixes ambas manteñen unha relación estable e intensa. A cuestión é a de preguntarnos por que hoxe resulta verosímil considerar o asunto nunha clave dicotómica. Sen dúbida, un dos motivos pode ser que a intensísima velocidade coa que están a producirse as innovacións dos recursos tecnolóxicos corre o risco de instaurar unha metarrealidade desubstanciadora e liquidadora dos vellos territorios e as súas culturas. A isto engadiríase a ameaza consecuente da posible aparición dun ámbito en que a centralización fose o pretexto para a evacuación dos cidadáns como actores dotados de discursos e culturas susceptibles de afirmar os colectivos sociais e as súas diferentes culturas.

Ao mesmo tempo que a celeridade das innovacións tecnolóxicas introduce novos retos, o crecente pulo do proceso de globalización económica e cultural engade verosimilitude á ameaza centralizadora nun contexto posmoderno e consumista no que as vellas conviccións primordialistas van retirándose a favor de visións menos ríxidas e autosuficientes.

A percepción conxugada deste tipo de ameazas está a provocar que moitos pensadores, axentes ou programadores culturais caian na conta da esixencia perentoria de construírmos pontes que eviten a ruptura entre o socio-territorial e o socio-comunicacional. Ademais disto, esta esixencia non só se substancia na esixencia

democrática de defender o protagonismo da cidadanía, senón tamén no requirimento inexorable de asumir desde o punto de vista da axencia cultural as virtualidades sociais e económicas derivables do recurso ás novas tecnoloxías informacionais e comunicacionais.

Pode afirmarse que a dobre cara das novas tecnoloxías asume tamén a aparencia bifronte do medo prudente e da esperanza; a súa percepción como ameaza ou como oportunidade. Se sempre tememos, e non sen razón, a ameaza centralizadora dos medios, hoxe non é só tempo para temores, tamén o é para esperanzas fundadas na capacidade dos homes para modular os novos recursos emanados da innovación tecnolóxica. A cuestión será tamén, polo tanto, a de elucidar de que xeito as novas tecnoloxías son capaces de promover a cultura e a creatividade da sociedade a través da tecnoloxía informacional e comunicacional.

Varios son os desafíos e os dilemas aos que nos está a confrontar hoxe a sociedade do coñecemento cando do que se trata é de observar o proceso desde a plataforma sempre polivalente da cultura.

Pode afirmarse que hoxe as novas tecnoloxías están a transformar a produción e o consumo cultural, poñendo unha gran cantidade de obras de excelencia cultural e artística ao alcance de todos; non obstante, esta mesma popularización non está exenta do risco de trivialización desas mesmas obras nun contexto marcado e ameazado pola irrelevancia da cultura de supermercado. As tecnoloxías posibilitan o espallamento dos obxectos culturais, ao tempo que afastan aos creadores dos eixes e lugares centrais dos que emana a difusión da obra artística. Achegan a obra aos cidadáns ao prezo de convertelos en consumidores. Someten a industria da comunicación á lei do máximo rendemento económico asumindo riscos tales como o de sobreesaturar o cotián das audiencias de producións tan baratas como irrelevantes, de persoeiros tan ociosos coma prescindibles.

Xa que logo, a esixencia de establecer un nexos culturalmente eficiente entre arte, ciencia, tecnoloxía e mercado é hoxe un desafío ao que distintas instancias da administración pública

(europea, española, galega e local) non se mostraron totalmente alleas e insensibles, dando pasos que, se ben sempre son tímidos e nunca suficientes, si están a marcar unha tendencia sobre a que teremos que retornar nos próximos anos. Veremos, sen dúbida, como os programas europeos sobre cultura e novas tecnoloxías han ir desenvolvendo novas iniciativas sectoriais que definan horizontes para os distintos ámbitos da creación artística: artes visuais, teatro, danza moderna, música contemporánea, etc. Esta liña de traballo promoverá boas prácticas, atendendo de xeito particular á súa difusión entre todos aqueles actores culturais interesados. O establecemento de redes e intercambios entre innovadores no uso cultural das novas tecnoloxías será un dos contidos prioritarios da nosa axenda para os vindeiros anos.

Importancia particular presenta tamén a posibilidade de que as institucións culturais e as entidades artísticas así como as redes de cooperación e innovación cultural e artística utilicen as novas tecnoloxías e redes *on line* para difundir información das formas artísticas tradicionais e contemporáneas. Labor importante sen dúbida será tanto o de difundir todas aquelas experiencias de éxito na potenciación das culturas e creadores locais coma o de formar en competencias tecnolóxicas aos creadores e artistas para que poidan traballar creativamente con elas.

O desenvolvemento de hábitos tecnolóxicos entre os consumidores constitúe tamén un dos requirimentos máis perentorios de cara á esixencia tanto de crear novos usuarios susceptibles de converterse no futuro en persoas capacitadas na análise e na crítica da información, como para evitar a aparición dunha subclase que se poida ver excluída do acceso ás novas formas da cidadanía cultural.

A esixencia debe estenderse tamén ao requirimento de traballar na redefinición do espazo local no marco global e virtual no que de xeito crecente nos atopamos situados. As novas tecnoloxías comunicacionais e informacionais están a facer cambiar a nosa percepción do local na medida en que reducen a aparencia do sentido espazo-temporal. Os novos recursos non só nos proporcionan

a posibilidade de acceder ao ámbito global senón tamén a oportunidade para traballarmos mellor e dun xeito máis imaxinativo o noso propio patrimonio e os nosos recursos culturais. Por todo iso, as tarefas actuais das políticas culturais das institucións responsables europeas e locais están a mostrarse cada vez máis sensibles á esixencia simultánea que temos hoxe, tanto de reforzar o noso sentido de pertenza a un lugar, como a de contrarrestar o intenso pulo das tendencias tecnolóxicas centralizadoras.

Os traballos que se inclúen no presente libro proceden dunha reelaboración coidada e actualizada practicamente da totalidade dos relatorios presentados aos IV Encontros Cultura e Concellos. Cultura e Novas Tecnoloxías, celebrados no mes de xuño do ano 2004 no Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela.

A presente obra recolle cinco reflexións teóricas e oito relatorios que tiveron como contido a exposición doutras tantas experiencias, as cales tiveron como eixe estratexias de mediación entre as novas tecnoloxías e o ámbito da cultura e as artes.

O primeiro dos traballos que incluímos na presente publicación é o artigo do profesor Fermín Bouza Álvarez titulado «Cultura, comunicación e novas tecnoloxías». Neste artigo, o autor debúxanos un excelente marco contextual cos principais problemas e desafíos que hoxe confronta a sociedade tras a irrupción dos novos recursos sociotecnolóxicos.

O artigo sobre «Imaxinarios sociais e medios de comunicación», asinado polo profesor da Universidade de Santiago Juan Luis Pintos de Cea, achega unha reflexión desde o soporte teórico dos imaxinarios sociais na que se nos invita a traballar desde os medios na aposta por manter o pluralismo e asumir a complexidade dos discursos como xeito de eludir os riscos de centralización que se derivan dos vicios da recursividade inherente ao funcionamento dos medios de comunicación.

O artigo seguinte, asinado por Xan Bouzada, aborda a temática da globalización cultural. Este traballo aspira a achegar algunhas ferramentas teórico-metodolóxicas útiles na abordaxe

dos desafíos que hoxe require o proceso de globalización cultural a aquelas culturas que coma a nosa se atopan nunha situación periférica.

O texto do profesor Juan Antonio Roche, titulado «Ciudades culturales o ciudades virtuales», fai unha pescuda sobre o lugar que ocupa o virtual dentro do quefacer cultural no marco da sociedade posmoderna. A súa reflexión apunta cara aos riscos que presentan unhas tecnoloxías que hoxe exercen no labor de desmaterialización e de virtualización do real.

No capítulo elaborado polo polifacético emprendedor cultural Lois Rodríguez Andrade preténdese darlle unha resposta á cuestión de como traballar no novo contorno dun xeito eficiente desde a plataforma dos lugares e dos territorios locais.

As experiencias prácticas presentadas inclúen iniciativas de diversa orde. Algúns relatorios, como o do profesor Xaime Fandiño, abordan a potencialidade de proxectos como as film commission territoriais, que foron promovidas para a valoración non só da cultura, o capital humano e os espazos locais, senón tamén pola súa potencial incidencia no desenvolvemento das economías locais. Carlos Ferrás e os outros membros do equipo de Infobrión.com asinantes do artigo achégannos unha elaborada e anovadora experiencia que mostra as potencialidades sociais e participativas derivadas de traballar cos recursos dixitais na potenciación do patrimonio cultural local. A experiencia pioneira de Estremadura no manexo desde as institucións do software libre como medio para facilitar unha popularización dos recursos e unha alfabetización dixital xeneralizada servíranos para mostrar a ambición e os resultados acadados cunha iniciativa tan anovadora como orixinal. Lorea Hernández móstranos no seu artigo a experiencia viva de e-Donostia.net, a cal é unha das realizacións máis densas e frutíferas das que se encadraron nos proxectos ata agora promovidos desde as cidades dixitais.

Fondamente significativo resulta o texto de Daniel Weiss, no que dá conta dunha experiencia local, desenvolvida no concello de Mazaricos, que permitiu a posta en marcha de MUDIMA,

que vén sendo o primeiro museo dixital local creado desde un pequeno concello da Galicia interior rural.

Os relatorios respectivos do Observatorio da Cultura Galega e Manuel Gago preséntannos o traballo institucional dos concellos, no primeiro dos casos, e o do mesmo Consello da Cultura Galega, no segundo deles, para reflectir na web unha información sobre a axenda, o labor desenvolvido e os contidos elaborados por estas institucións no ámbito específico da cultura.

A última das achegas é a que asina Marcos Lloret, a cal versa sobre aspectos técnicos da dixitalización así como sobre a súa experiencia en Vigo como empresa encargada da dixitalización do arquivo fotográfico Pacheco.

Xan Bouzada